



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
González Álvarez, Dolores  
Graña Rodríguez, Ana María  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Pena Uris, Gloria M.

Rodríguez Vázquez, Virxilio

### DECANOS/DIRECTORES:

Caparrini Marín, Natalia  
Cuiñas Gómez, Íñigo  
Fernández Prieto, Marta  
Romo Pérez, Vicente  
Rubio Armesto, Belén  
Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique

### PDI-A:

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos  
Bueno Alonso, Jorge Luis  
Collazo Fernández, Antonio  
García Fontán Soledad  
Llamas Nistal Martín  
Pérez Cota Manuel

Pou Saracho Juan María  
Reigosa Roger Manuel Joaquín  
Vallejo Pousada Rafael

### PDI-B:

González Jorge, Higinio  
González Santamaría, Pedro

### ESTUDANTES:

Moldes Pita, Óscar  
Rivera González, Paula  
Rodríguez Varela, Diego  
Vázquez-Rey Farto, Ernesto

### PAS:

#### CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio

#### SINDICATOS:

Díez Ferrer, José Bienvenido  
Fernández Fernández, Federico A.

#### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Castro Cerceda M<sup>a</sup> Luisa  
Fernández Iglesias, Manuel  
Gallego Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz  
García Señorán, María del Mar  
García-Pintos Escuder Adela  
Meana Martínez Juan Carlos  
Pillado González, Esther  
Pino García, Antonio  
Rivo López Elena  
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier  
Rodríguez Martínez, Fco. Javier

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 16 de decembro de 2016, convocada para as 09:00 h en primeira convocatoria e ás 09:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **16 de decembro de 2016** ás 09:35 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 24 de novembro de 2016.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2017.
4. Aprobación, se procede, do Proxecto de Orzamento da Universidade de Vigo para 2017.
5. Aprobación, se procede, do Regulamento para a liquidación e tramitación de indemnizacións por razón de servizo.
6. Aprobación, se procede, do Procedemento e criterios de selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de promoción interna a Catedrática/o de Universidade no ano 2016.
7. Aprobación, se procede, da Normativa de Permanencia e Progreso do estudantado das titulacións oficiais de grao e máster universitario da UVigo.
8. Aprobación, se procede, da Convocatoria da Universidade de Vigo para o anticipo de financiamento estrutural a grupos de investigación e persoal investigador de traxectoria destacada.
9. Aprobación, se procede, da Sección Departamental do Dpto. de Informática.
10. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Federal de São Carlos* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Federal de São Carlos* para o intercambio de estudantes – Protocolo de intención entre a *Universidade Federal Rural de Pernambuco* e a Universidade de Vigo – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e *Memorial Uniuersity of Newfoundland* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Nacional Tecnolóxica de Lima Sur* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e *Universidad Autónoma de Coahuila* (México).

11. Elección de representantes na Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes: 2 PDI; 1 Estudiante.
12. Elección de representantes na Comisión de Investigación: 1 Estudiante.
13. Rogos e preguntas.

Antes de dar comezo á sesión, o reitor xustifica a necesidade de adiantar a hora de comezo desta sesión polas dificultades de axenda para así poder asistir a unha reunión en Ourense na segunda parte da mañá.

Comenta tamén a retirada do punto 9, no que se trataría a creación dunha sección departamental no Departamento de Enxeñaría Informática a pesar de que, co regulamento actual, non presenta ningún problema, pero, xa que afecta a estrutura departamental, xa que estase a discutir dita estrutura na comisión de estatutos, non parecía acaído aprobalo hoxe. Tras falalo coa dirección do Departamento, acordouse a retirada deste punto por cuestións de prudencia na gobernanza.

Pasa a dar a benvida aos novos membros do Consello de Goberno: polo sector PDI-A, José Luis Bueno Alonso; polo sector de representantes de direccións/decanatos, Antonio Collazo Fernández, Susana Reboreda Morillo e Fco. Javier Rodríguez Martínez, e polo sector estudantado, Óscar Moldes Pita.

Dá lectura a continuación aos nomes dos membros do Consello de Goberno que xustificaron a súa ausencia.

### **1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 24 de novembro de 2016.**

Non chegaron alegacións e ningún dos presentes realiza ningunha suxestión, polo que se aproba por asentimento.

### **2. Informe do reitor.**

Comeza o seu informe comunicando o cese do vicexerente de Recursos Humanos, que tivo lugar onte.

Prosegue informando de asuntos relativos á CRUE:

- Lembra que no anterior CG o profesor Álvarez Villamarín preguntara pola noticia do plaxio detectado nos traballos do reitor da Universidade Rei Juan Carlos de Madrid, cuestión que tamén respondeu no Claustro do pasado luns. Informa de que este próximo martes celebrarase a permanente da CRUE, da que forma parte o reitor da URJC, e que xa se puxeron en contacto co presidente da CRUE para que instara ao seu cese, xa que de non ser así, algúns reitores, entre os cales está o reitor da UVigo, pedirían a súa dimisión na propia permanente. Como consecuencia da petición do presidente, Segundo Píriz, o reitor da URJC abandonou onte seu posto de vocal no comité permanente na CRUE, para non danar á institución. Engade que a CRUE manifestou publicamente que rexeita plenamente o plaxio en calquera institución universitaria e científica, onde a xeración de coñecemento é un valor que debe defenderse e garantirse.

Informa a continuación das actividades da CRUE, nas que a Universidade de Vigo está liderando as actuacións, comezando pola celebración en Vigo ao principio deste mes as XXIV *Jornadas de Investigación de Universidades Españolas*, organizadas pola Universidade de Vigo e CRUE. Nelas, reivindicouse a importancia das universidades na investigación e o esforzo que os investigadores realizaron nestes anos difíciles. A programación realizada pola vicerreitora de Investigación da UVigo, Asunción Longo, permitiu que as vicerreitoras e vicerreitores de investigación de todas as universidades españolas, xunto coas persoas responsables das OTRIs, das oficinas europeas de I+D, unidades de cultura científica e servizos de xestión de investigación debateran temas como a importancia da divulgación científica como motor da actividade de I+D+i, o acceso aberto aos resultados de Investigación, os retos no desenvolvemento da carreira investigadora, os novos instrumentos de colaboración Universidade-Empresa, abordando de xeito específico o que debe ser a transferencia de coñecemento e os indicadores e métodos de avaliación da mesma.

- Nesta liña de actuación, informa tamén da previsión de que as xornadas de xerencia da Sectorial CRUE-Xerencias se celebren en Vigo no ano próximo.

- Do mesmo xeito, dá conta de que a través da vicerreitora de Estudantes, a UVigo preside na CRUE o grupo de traballo de Política Lingüística, que coordinou a redacción do “*Documento Marco de Política Lingüística para la Internacionalización del Sistema Universitario Español*”, aprobado por unanimidade por todas as universidades do Estado no plenario de CRUE de internacionalización e Cooperación en Castellón. Neste documento, se propoñen unha serie de medidas concretas destinadas tanto a estudantado como ao PDI e PAS, articuladas en tres liñas de actuación, acreditación, formación e incentivación, sobre as que deseñar unha política lingüística de calidade.

- Pasa a continuación a informar acerca da celebración do pleno do Consello Galego de Universidades, a finais de novembro, que emitiu informe favorable á proposta da Universidade de Vigo para a creación da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo no Campus de Ourense. Polo tanto, engade, agora xa só falta a aprobación definitiva da Consello da Xunta de Galicia. Tras comprobar que non entrou no de onte, está intentando que na próxima sesión si que se trate este tema, xunto co cambio de denominación da ETS de Enxeñaría de Minas.

- Indica que tamén foron aprobados os programas de doutoramento correspondentes ao Campus CREA S2i e o do Campus da Auga, que foran xa aprobados neste Consello de Goberno.

Remata o reitor o seu informe dando conta da celebración dun Padroado do Centro de Innovación Aeroespacial de Galicia (CINAE), no que se renovaron os mandatos do reitor da UVigo como presidente e da vicepresidenta, na persoa de Teresa Pedrosa. Destaca o arranque da actividade coa consecución dunha Unidade Mixta na convocatoria da Xunta de Galicia. Con estes fondos e os contratos subscritos con distintas empresas para a fabricación de satélites e, en aeronáutica, para o desenvolvemento e integración de aplicacións para aeronaves non tripuladas, incíase o traballo deste centro cun movemento orzamentario para o próximo ano de un millón de euros e un desenvolvemento asegurado de tres millóns de anos para os seguintes. Informa de que neste momento hai adscritos tres grupos de investigación; e irán vinculándose máis a medida que xurdan novas iniciativas, co obxecto de potenciar o sector aeroespacial en Galicia. Conclúe informando da previsión de lanzamento de dous satélites máis para, no 2018, enviar o primeiro satélite precomercial de dez quilos, como modelo piloto para unha nova gama de satélites que se van comercializar para empresas españolas con base en Barcelona, que van traballar co CINAE e a Universidade de Vigo.

### **3. Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2017.**

Cede o reitor a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen explica que, en cumprimento do que indica o Decreto lei 14/2012, de 14 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, e como se vén facendo nos últimos anos, as universidades están obrigadas a aprobar un límite máximo de gasto para o exercicio económico seguinte. Dado que non hai ningunha normativa que estableza como debe facerse o cálculo para establecer o teito de gasto, achegouse coa documentación deste Consello de Goberno un desglose das estimacións que se realizan nas diferentes partidas. A proposta do teito de gasto é, polo tanto, en conxunto de 179.790.142 euros. Indica o vicerreitor que sendo un valor bastante superior a do orzamento que se vai presentar para a súa aprobación no punto seguinte, considera que queda marxe suficiente para cubrir calquera eventualidade que puidera xurdir ao longo do exercicio económico.

Apróbase por asentimento (**Anexo I**).

### **4. Aprobación, se procede, do Proxecto de Orzamento da Universidade de Vigo para 2017.**

O reitor cede novamente a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen pasa a presentar este punto facendo uso dunha presentación informática.

Explica que a presentación que vai realizar é idéntica á levada a cabo no Claustro, no punto correspondente á aprobación das liñas xerais de política orzamentaria. Aclara que prefírese levar unha proposta de orzamentos o máis definida posible, para que os claustrais teñan unha información máis completa dos orzamentos da universidade, en lugar de limitarse a un esquema pouco definido. Tamén aclara que non vai debullar as accións de goberno que se recollen no documento, xa que, dunha parte, considera que están suficientemente especificado no texto e, doutra, porque se trata da acción coral do equipo de goberno.

Comeza presentando o marco normativo que condiciona o escenario orzamentario, en primeiro lugar o Plan Galego de Financiamento Universitario 2016/2020 e unha escolma da lexislación máis relevante a ter en conta na elaboración dos orzamentos. Destaca que a novidade máis importante neste exercicio é a promulgación da lei 1/2016 da Xunta de Galicia de Transparencia e Bo Goberno e, sobre todo, o *Plan Presupuestario 2017, Informe de Acción Efectiva de la Administración General* que o Goberno de España remitiu ás autoridades europeas e que, no esencial, prorroga os orzamentos do 2016 en tanto non se aproben os orzamentos do 2017. Explica que iso ten implicacións moi importantes no que atinxe ás restricións legais ás que estamos suxeitos, por exemplo, en materia de contratación de persoal seguen en vixencia as limitacións que existían no ano 2016 en canto á confección das ofertas públicas de emprego, número de prazas que se poden convocar, tipo de prazas etc.

En segundo lugar, destaca o proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia, do que nestes días se está a iniciar o trámite necesario para a súa aprobación, que e considera poderá ter lugar a finais de xaneiro ou no mes de febreiro.

En relación coa evolución do financiamento do SUG dos últimos anos, destaca que nos dous últimos exercicios albíscase un relativo incremento, que se corresponde no 2016 coa recuperación das retribucións que se retiraron por parte do goberno en 2012 e no 2017, porque volveremos a cobrar a paga extraordinaria ou os complementos específicos que o Goberno de Galicia nos retirou a partir do 2013. Polo tanto, destaca que a recuperación no financiamento é enganosa, xa que vai destinada a esa recuperación salarial.

Nese contexto, analiza a evolución das achegas conseguidas pola UVigo ao longo dos sucesivos planes de financiamento; e destaca que no plan anterior, na medida en que, timidamente, se incentivaba o financiamento por resultados, esta Universidade conseguiu mellorar a captación de recursos. No plan actual, na medida en que se renuncia a ese financiamento en base a resultados, o financiamento cara ao 2020 prevese estancado en torno aos 104 millóns que vimos recibindo nestes dous últimos anos.

Prosegue indicando que con ese financiamento a Universidade foi quen de, a partir do 2011, equilibrar as contas, pechando os exercicios seguintes con superávit, excepto no 2015, no que se pechou cun déficit técnico de 278000 euros; consecuencia fundamentalmente do proxecto Táctica, que foi ingresado a finais do exercicio 2013 e executado nas anualidades do 2014 e 2015, nas que se computan os gastos, pero non o ingreso, ocasionando o déficit antedito. Aínda así, engade, a situación da Universidade de Vigo é máis favorable que a das outras universidades do SUG.

Como resumo da situación económico-financeira da UVigo, destaca o vicerreitor que esta Universidade nunca tivo necesidade de recorrer á débeda bancaria, que estamos en equilibrio orzamentario dende o 2012 e, destaca, algo que adquire cada vez maior importancia, que se cumpre escrupulosamente os prazos de pagos a provedores.

Pasa a continuación a lembrar a estrutura básica do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016/2020, pero sen reiterar os comentarios críticos que fixera o ano pasado, primeiro ano de aplicación. Subliña que o plan se divide en dous grandes fondos, financiamento estrutural e financiamento por resultados. Lembra a opinión expresada o ano pasado de que no financiamento estrutural se avanzou cara a maior transparencia, xa que na actualidade este fondo repártese en función dos créditos matriculados en cada universidade, aínda que expresa o desacordo da UVigo en que neste reparto a docencia clínica reciba un trato notablemente privilexiado, que fai que unha universidade estea claramente favorecida.

En relación ao financiamento por resultados, critica que, a pesar de que nominalmente suporía un terzo dos recursos totais, moitas das partidas que se inclúen neste fondo non corresponden a resultados da

Universidade. Engade que o único subfondo que realmente responde a este concepto sería o “Panel de indicadores”, e mesmo nel, entre un panel de 12 indicadores, hai dous que consideran números absolutos, sen ter en conta o tamaño de cada universidade, polo que claramente prexudican ás de menor tamaño.

Reitera que o equipo de goberno continúa opinando que é un plan de financiamento regresivo, pero neste escenario as achegas previstas para este 2017 acadan os 402 millóns de euros, que supón un incremento con respecto ao ano pasado. Pero, insiste o vicerreitor, que é practicamente absorbido pola recuperación da paga extra retirada no 2013. Aproveita para aclarar que non é que vaimos recibir o que nos retiraron dende ese ano, senón que volverán a pagar o que nos corresponde.

En base ao antedito, informa de que a estimación das achegas que recibirá a UVigo é totalmente plana, xa que non se aposta polo financiamento en base aos resultados, polo que haberá pouca posibilidade de mellorar nos anos seguintes.

A continuación o vicerreitor comeza a exposición do orzamento da Universidade de Vigo para o 2017, de 165.325.488 euros, o que supón un incremento do 2,95% con respecto do correspondente a 2016.

- En relación co desglose dos ingresos por capítulos, destaca o incremento do 5,21% do ingreso por Transferencias de Capital, que é debido a unha cuestión meramente contable, xa que se produciu o traslado a este apartado das achegas relativas a agrupacións estratéxicas e centros singulares de investigación que antes se percibían polo Capítulo IV de Transferencias Correntes. Fai fincapé tamén no incremento do 41% na variación de activos financeiros, que deriva fundamentalmente co inicio da recuperación na captación de recursos en convocatorias competitivas, tras un ano 2015 moi difícil neste aspecto, xa que estaba iniciándose o novo programa Marco da UE.

Analizando a distribución de ingresos por capítulos, destaca que o ingreso os ingresos por taxas e prezos públicos superan o 10 % dos ingresos totais.

- No orzamento de gastos, destaca o vicerreitor o incremento do 2,59% no Capítulo I Gastos de Persoal, así como o incremento do 34,57% nas Transferencias Correntes, que vén dado, dunha banda, pola captación de proxectos de mobilidade de persoal e de intercambio de estudantes e, doutra, por un efecto “contable”, xa que se incrementa o volume de transferencias que se realiza a Bugalicia para a compra de recursos electrónicos. Isto deriva de que a Xunta de Galicia ingresa ás universidades, para que estas o transfiran a Bugalicia, o que antes aboaba directamente a este consorcio.

Outra partida que se incrementa notablemente son os investimentos reais, vinculados ás obras que temos en execución, de xeito singular a sede do Campus da Auga no Campus e Ourense e a sede institucional do Berbés, obra que se licitará nos próximos meses e que terá un ritmo de execución moi elevado no 2017.

Detense o vicerreitor no Capítulo I, para aclarar unha discrepancia con respecto ao proxecto de orzamento da Xunta de Galicia. Neste aparece un límite de masa salarial inferior ao que se recolle nestes orzamentos, esta diferenza deriva de que hai 5 millóns e medio de euros corresponden a contratos de convenios e programas tipo Ramón e Cajal e similares, que a UVigo inclúe no Capítulo I, xa que se trata de persoal, e as outras universidades o manteñen no Capítulo VI. O ano pasado a Xunta de Galicia recoñeceu esta singularidade, e cando fixa o límite de gasto aclara que non están incluídos estes contratos.

A outra diferenza é o incremento de custo dos complementos persoais dende 2016 a 2017, que supón a cantidade de 1.157.500 euros. Estaba acordado coa Xunta que ese incremento tiña que incluírse no límite de gasto, pero sorprendentemente non o tiveron en conta no primeiro borrador de orzamento. Confía o vicerreitor en conseguir emendalo ao longo do debate orzamentario, xa que considera que se trata dun erro, xa que o acordo era total neste aspecto.

Resalta a continuación o vicerreitor a evolución dos Gastos de Persoal (Capítulo I) no SUG dende o 2012, amosando unha táboa, con datos confirmados, que amosa que a Universidade de Vigo é a que máis medrou neste aspecto, un 5%, fronte o incremento do 2,69% da UDC e a diminución do case 1% da USC. Subliña a importancia destes datos, nos anos máis duros da crise.

En relación á distribución do gasto por capítulos, destaca que, como consecuencia dese incremento, o Capítulo I supera o 58% dos gastos totais da Universidade. Polo tanto, nestes orzamentos fórmase unha redución de gasto corrente como posibilidade de absorber ese incremento.

Finaliza o vicerreitor expoñendo que, con este orzamento, formúlase un obxectivo de aforro bruto orzamentario (diferenza entre Ingresos Correntes e Gastos Correntes) para o 2017 de 2.241.000 euros, que supón manter en equilibrio as contas da Universidade e garante a súa viabilidade futura.

Antes de abrir a rolda de intervencións, o vicerreitor explica que na distribución de gasto por programas, o máis significativo é que o incremento orzamentario se distribúe en positivo entre todos os programas, excepto no programa de docencia que vese reducido nun 5,80% debida, exclusivamente, á significativa redución na oferta de másteres.

O representante do estudantado, Diego Rodríguez, formula unha cuestión relativa ao que se recolle na páxina 35 dos orzamentos, en relación coa ampliación da oferta de mentoring que xa existe na Universidade, nestes momentos en catro centros. Pregunta se xa se sabe a que centros se vai a ampliar.

Responde a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado que aínda non se sabe. Lembra que esta iniciativa que comezou na Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións e estendeuse a Enxeñaría de Minas, Química e o título de Linguas Estranxeiras de Filoloxía. Explica que se quere estendelo a outros ámbitos e explica que se implantou en Minas, cando a intención inicial era que se incorporara Económicas, para ter un de cada ámbito. Ese segue a ser o obxectivo, fálase cos decanos para implicar a un centro do ámbito xurídico. Tamén comenta que este ano escolléronse títulos que tiñan un número de alumnos similar, entre 45 e 60. O primeiro debe verificar o 1º paso ver como funciona o sistema xa que, lembra a vicerreitora, inicialmente había uns formadores alleos que formaban aos mentores. Como esa liña non era sostible, estableceuse un paso intermedio, de xeito que os formadores preparan aos noso profesorado, para que eles o trasladen aos mentores.

En relación co recollido na páxina 41, relativo á divulgación da oferta formativa, pregunta acerca da xornada aberta que se propón levar a cabo para centros de bacharelato no pavillón de deportes. Quere máis información, se hai datas, como se vai levar a cabo.

Responde a vicerreitora de estudantes, indicando que terá lugar a finais de xaneiro. Que xa confirmaron a súa participación moitos centros de secundaria-bacharelato, fundamentalmente da provincia de Pontevedra. Explica que nesta xornada os centros que o desexen terán estánds para que poidan dar información das titulacións, aos orientadores e aos estudantes que acudan. Poderase facer algunha actividade ou demostración. Engade que tamén participarán os servizos da Universidade, ORI, deportes etc., para que os estudantes de bacharelato coñezan a Universidade máis alá das titulacións, e coñezan o que e fai en cultura, linguas etc.

Toma a palabra o profesor Pedro González Santamaría, quen volve a solicitar que se reclame diante de quen corresponda o tratamento que, en virtude da situación da nosa Universidade no SUG, deberíamos ter e non temos respecto das outras universidades galegas. Tamén reitera que o prazo de presentación da documentación é moi curto para estudar toda esta información, que é a base da estratexia da Universidade para o vindeiro ano. Opina que se debería consensuar ou, cando menos, informar antes aos centros, departamentos, colectivos etc. Con prazos tan estreitos, insiste, hai que limitarse a aprobar ou rexeitar sen estudar a fondo os documentos. Comenta tamén, que se ben non hai débeda bancaria, pero si deberían informar da débeda da Universidade, xa que a pesar de que se di que se vai facer, non se fai. Prosegue dicindo que hai algunhas partidas que polas súa contías deberían estar máis detalladas, como os traballos doutras empresas, outros gastos etc., xa que, engade, son partidas de máis de 300.000 euros e cómpre facer un esforzo para que a transparencia na información a perciba a comunidade universitaria. Pregunta tamén polas achegas á Fundación que se realizan todos os anos, di que debería informarse de se hai un burato ou non, como funciona esta fundación, se está ben xestionada ou se, como outras institucións vencelladas á Universidade, estase a converter nun pozo sen fondo.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación: Subliña que moitas das cuestións formuladas xa as debateron na Comisión Económica, que aprobou por maioría o proxecto de orzamentos que se presenta. En relación á petición de reclamar o trato que nos merecemos, reitera, como o fixo tamén no Claustro, que xa se reclama con insistencia e en todos os foros aos que se acude. Pero fronte a esa insistencia, os resultados son os que son.

En relación aos prazos de presentación, explica que o proxecto de orzamentos se fai despois de que a Xunta de Galicia publica o proxecto de orzamentos, neste caso o 7 de decembro. Pero este ano cumpríronse os prazos legais estipulados para o envío da información. Noutros anos, non foi posible. Coincide en que sería desexable contar con máis tempo, pero é imposible debido á dinámica dos distintos organismos que nos afectan. En canto a proposta de contar cos centros, lembra que no primeiro ano de mandato deste reitor se pactou con todos os centros un contrato programa que ten a súa incidencia no financiamento dos centros. A partir de aí fóronse mellorando cuestións como os de centralizar o pago de determinados subministros, de xeito que agora os centros reciben unhas achegas que organizan eses recursos con total capacidade de decisión. E no caso dos departamentos, ocorre o mesmo, hai uns criterios de financiamento xa históricos, sendo o propio departamento que, nese marco, elabora o seu orzamento.

En canto ao desglose da débeda, o vicerreitor lembra que na comisión económica de onte xa se ofreceu toda esa información. Destaca que a diferenza fundamental é que diminúe o orzamento en 1 millón de euros de gastos, porque rematou a amortización dun préstamo de infraestruturas científicas do ano 2005. A partir de agora, a tendencia vai ser a diminución, porque o financiamento que se está a acadar é vía subvención e non vía préstamo.

Con relación ao desglose de partidas, a pesar de que este ano intentouse mellorar o do ano pasado, polo que moitas partidas aparecen máis detalladas, a realidade é que onde se pode examinar con pero con todo detalle os conceptos e os importes dos gastos é nas memorias liquidadas, que se publican totalmente en aberto. Apunta o vicerreitor, que a priori é moi difícil facer o unha previsión desglosada de, por exemplo, as avarías que se van producir, e tampouco se sabe que empresa se vai contratar. Pero en pasado esa información si se aporta de xeito transparente, en público e en aberto.

O vicerreitor comenta que non lle gustou a referencia subrepticia que fai ao pozo sen fondo en relación coa FUVI, como tampouco sabe a que se refire co de outras entidades dependentes da Universidade. Pero explica que a Universidade de Vigo achega á Fundación, dende os seus inicios, uns fondos para contribuír ao funcionamento ordinario e, ademais, se realizan encomendas de xestión, por exemplo: a xestión das prácticas en empresa ou aspectos de comunicación da Universidade, que se abonan con total transparencia. Engade que, a pesar de que a FUVI aínda non fixo a presentación das cifras finais deste exercicio, a Fundación nos últimos anos sempre pecha en equilibrio ou con superávit, entre outras cousas, polo Centro de Linguas que é autosustentable, e se mantén dando un servizo recoñecido e de calidade cos seus propios recursos. Finaliza o vicerreitor solicitando que aclare a que se refería co pozo sen fondo e o burato.

Intervén o profesor Reigosa Roger, indicando que non vai repetir as argumentacións do Claustro, porque basicamente está de acordo nas liñas xerais, agradece a exposición resumida e aliviada polas imaxes de Leiro. Amosa o seu acordo co orzamento, e anuncia que vai votar a favor, como xa fixo no Claustro, pero lamenta a sensación que persisten en que facemos as cousas ben internamente, pero que iso no abonda. Manifesta tamén o seu acordo cos comentarios que realizou o vicerreitor en relación co plano de financiamento, pero cre que as institucións da comunidade galega non están tratando ben a Universidade de Vigo entre as universidades do SUG, e engade que todo o que se poida facer para incrementar o financiamento por resultados será beneficioso para unha universidade que fai os deberes. Finaliza ofrecendo a súa colaboración para conseguir diante da opinión pública ou da Xunta un tratamento máis igualitario.

Responde o vicerreitor agradecendo sinceramente as palabras do profesor Reigosa e confirma que estamos de acordo no substancial. Engade que o que se reflicte nestas reflexións é o país no que vivimos; lembra que recentemente tivemos que ler na prensa que un concello no que temos implantación afirma que ten que cobrarnos o IBI porque estamos saneados, polo que se non o estivéramos, seguramente, nolo perdoarían. Agradece novamente a colaboración e propón a visualización desta concordancia presentando algún documento nas comisións de seguimento do plan de financiamento que poña de manifesto que non é a posición do goberno, senón da Universidade de Vigo.

Intervén o reitor para sinalar que, sendo realistas, hai dúas vías que se lograron manter abertas para poder mudar un pouco esta situación. Unha delas é loitar por un crecemento global para que, na medida que os números da Xunta non vaian mal, podamos ir incrementando o noso financiamento. Nesa liña, engade o

reitor, hai predeterminación a conseguilo, por iso, pódese pedir que se cumpra un parágrafo que incluímos no que se indica que, ademais das cantidades garantidas, o orzamento poida acompañarse segundo o crecemento do orzamento da Xunta. Deste xeito, pódese lograr unha mellora factible politicamente porque é global, para todo o SUG. En segundo lugar, conseguiuase constituír unha comisión de seguimento co compromiso de revisar os criterios e os indicadores que se estableceron, e nesa liña levaremos ese documento a esa comisión de seguimento e se poida facer ese cambio. E hai dúas cousas que se queren mudar: por unha banda, se ben destaca que o financiamento por créditos considerouse un gran logro de transparencia, pero se a docencia clínica ten unha valoración maior, débese lograr unha gradación en función do custo real da docencia, na que a docencia en ramas tecnolóxicas e científicas estea tamén diferenciada. E en canto ao financiamento por resultados, hai que lograr que os indicadores estean relativizados polo tamaño da universidade. Esa será a nosa loita e niso debemos ir todos xuntos, polo que se pedirá o respaldo de toda a universidade. Agradece moito o apoio manifestado.

Toma a palabra o profesor Pou Saracho, que se felicita polo feito de que no ano 2017 haxa un incremento significativo no orzamento do módulo tecnolóxico-industrial, aínda que sexa polo convenio coa Xunta, pero confía en que este ano por fin poida desenvolverse. Engade que, sen que se considere unha crítica, ten que destacar que non hai mención ao Vigo-Tecnolóxico. Lamenta profundamente a situación do compañeiro e amigo, o profesor Vilán, que está a experimentar unha recuperación moi lenta, e iso está a afectar notablemente, pero, engade, non podemos paralizarnos. Ofrece o seu apoio e o do seu centro para empuxar o que sexa necesario, xa que, en caso contrario, o campus Industrial de Ferrol pode competir, a pesar de que agora estea baleiro. Insiste na necesidade de potenciar o Vigo-Tecnolóxico.

Prosegue transmitindo a preocupación do persoal que traballa no campus de Torrecedeira, tanto PDI como PAS, polo seu desmantelamento. Di que intenta desmentir esa idea, pero considera que sería conveniente unha declaración pública do equipo de goberno que exprese con rotundidade esa idea, e que a presenza da UVigo na cidade se vai visualizar máis coa sede do Berbés. Destaca a preferencia dos estudantes polo campus cidade.

Para finalizar, felicita ao vicerreitor económico e concorda coa importancia de manter o equilibrio orzamentario, porque grazas a ausencia de débedas e ese equilibrio somos quen de actuar con independencia, pero tamén solicita que non aperte máis, porque a EEI xa fixo un gran esforzo.

Responde o vicerreitor que, en efecto, o MTI está máis dotado este ano porque temos, de momento, o compromiso de que vai haber un convenio específico para poñelo en funcionamento. En relación ao campus de Torrecedeira, manifesta que se trata dun exemplo do difícil que resulta a comunicación, porque non habendo en ningún momento ningunha dúbida da aposta polo campus, xéranse bulos informativos. En efecto, trátase dun problema de comunicación, pero con respecto ao campus de Torrecedeira, non debe haber ningunha preocupación.

En relación co Vigo tecnolóxico, responde o reitor que está ocupándose el directamente desde a baixa do profesor Vilán. Explica que agora que todas as pezas están en marcha e que INEX arranca co seu plan estratéxico, vaise facer unha presentación global de imaxe de marca dirixida á Xunta, pero envorcada tamén á sociedade. Explica que, aínda que se deixa clara a aposta da Universidade polas telecomunicacións, a industria e enerxía, a bioenxeñaría e o sector aeroespacial, considera que era necesario que estivera todo ben facela pública ata ter todo ben fornecido, agora que temos todas as pezas podemos presentar unha imaxe de marca común, formalizando a marca Vigo tecnolóxico. Con respecto á persoa do comisionado, indica que durante o Nadal vai analizar a situación con José Antonio Vilán e contará coa colaboración da EEI para tomar a decisión.

O profesor Álvarez Villamarín solicita que se faga visible a presentación dos orzamentos tras a súa aprobación, xa que considera que é un bo resumo. Con respecto ao campus de Torrecedeira, non quere entrar porque non é o tema deste punto, pero manifesta que é unha das persoas máis críticas ao respecto, e que unha gran parte do ámbito xurídico social está preocupada porque existan dous centros con dúas titulacións cuxa separación non se xustifica academicamente, segundo a súa opinión, entre os dous campus. Continúan reclamando que se solucione ese problema. Indica que iso non ten nada que ver co feito de que haxa un edificio alí no que se imparta docencia de Economía e Empresa. Tamén apunta que posiblemente os seus estudantes, máis de dous mil, preferirían cursar alí os seus estudos, pero supón que



non será factible unha ampliación da Escola de Empresariais. En todo caso, unha cousa é que exista un campus e outra é manter a situación actual, que moitos de Economía e Empresa non aceptan.

Formula a continuación unha pregunta. Di que entende que os orzamentos da Xunta están realizados sen subida salarial, xa que alegaron que, ao non estar aprobados os orzamentos do Estado, non sabe cal é a subida que o Estado vai propoñer. Polo tanto, pregunta se nas conversas coa Xunta se transluce se esta ten previsto modificar os seus orzamentos e, polo tanto, as transferencias ás universidades en función dunha hipotética subida salarial.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación comezando por esa pregunta. Explica que na penúltima reunión que mantiveron, que foi antes das eleccións autonómicas, se dixo que no mesmo paquete ía a recuperación da paga extra máis o incremento do 1% de subida salarial. E dábase por feito, engade. Pero na última cambiouse o argumento, quedando á espera do que aconteza cos orzamentos do Estado. Pero o que queda moi claro no proxecto de orzamentos da Xunta é que, a día de hoxe, as remuneracións son estables respecto ao 31 de decembro de 2016. Para finalizar este punto, indica que a sensación é que non vai haber incremento.

En canto ao debate do Campus de Torrecedeira, comenta que o exposto polo profesor Álvarez Villamarín abre un debate a outro nivel, que non ten que ver co mantemento do Campus e das instalacións cunha atención máxima, como a de todos os outros centros, por parte do goberno.

O reitor dá paso á votación deste punto. Como resultado da mesma, apróbase con 27 votos a favor, un voto en contra e ningunha abstención o Proxecto de Orzamento da Universidade de Vigo para 2017 (**Anexo II**).

## **5. Aprobación, se procede, do Regulamento para a liquidación e tramitación de indemnizacións por razón de servizo.**

Cede o reitor a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen indica que vai presentar este punto o vicexerente de Xestión Económica e Servizos Xerais, que foi invitado a tal efecto.

Indica o vicexerente que este regulamento xa foi presentado onte na comisión económica. Considérase necesario este regulamento para estandarizar a normativa para o cálculo das axudas de custo, unificando os criterios nos diferentes ámbitos da Universidade e, como un primeiro paso, para poñer en marcha no ano 2017 un novo aplicativo de axudas de custo. Basicamente é unha adaptación á Universidade de Vigo do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. Explica que o RD é máis amplo, polo que este regulamento foi simplificado e adaptado á casuística específica da universidade, aínda así, trátase dun documento moi extenso, polo que non entra en detalles sobre o seu contido, mencionando só os apartados fundamentais. Indica que a súa aplicación será a través do aplicativo mencionado, que xa está deseñado e probado en máis de 700 axudas de custo reais ao longo do 2016.

A representante do sector alumnado, Paula Rivera, expón que hai un erro no artigo 3, que no seu parágrafo final menciona as comisións de servizos do alumnado, referíndose ao apartado g) do artigo anterior, que non existe.

Responde o vicexerente dicindo que se refire ao punto 7 do artigo anterior, o erro debeuse producir ao cambiar o formato.

Intervén o profesor Pérez Cota, quen realiza algúns comentarios (**Anexo III**) que, de ser tidos en conta, poderán mellorar o texto. Refire que na sección 3ª e noutras páxinas se fai mención ao RD 462/2002, cumpriría deixalo en xenérico, dependendo da lei que sexa de aplicación nese momento para a definición do prezo do combustible. Comenta que non lle parece xusto o cómputo de porcentaxes que se fai no artigo 10, tendo en conta que a xornada laboral é de 7,30 h.

Responde o vicexerente explicando que se tomaron directamente os valores do RD, xa que, pensando nas auditorías externas que se realizan e nas normativas doutras universidades acordouse que era o máis axeitado.

Continúa o profesor Pérez Cota indicando que no artigo 11 se di “deixaranse de percibir desde o momento da chegada á fronteira ou o primeiro porto ou aeroporto español”, cando, na súa opinión, debería ser no aeroporto galego, xa que, en ocasións, supón moito tempo ata chegar e parece que este tempo non conta, tal como está redactado.

O vicexerente explica que ese tempo si que computa, pero no cálculo da axuda, a axuda internacional conta ata o momento de entrar no territorio nacional, o resto do desprazamento computa a nivel de axuda nacional. Indica que a redacción é textualmente o RD.

Apunta o Sr Pérez Cota outros detalles de mellora, como que, ademais das teses de doutoramento, deberían incluírse TFG e TFM. Tamén fai referencia ao artigo 17.3, que impón unha limitación á percepción de remuneracións por asistencias a tribunais ao 25% do salario principal. En canto a outros detalles, achegará a súa proposta de mellora.

Reitera o vicexerente que é un aspecto que vén fixado polo RD, polo que non temos posibilidade de modificalo.

Intervén a continuación o Sr. Federico Fernández no nome de D. Luis Pérez, que non puido asistir, e quere facer constar unha cuestión que xa trasladou na Comisión de Economía. Trátase de que a nivel de axudas de manutención e aloxamento non debería haber diferenzas entre categorías cando dúas persoas acoden ao mesmo acto. Enténdese que o decreto debería ser unha norma básica, pero que deberíamos ter a capacidade de desenvolve-la para facela máis igualitaria para todo o persoal. Entende que agora é difícil facer modificacións do texto neste sentido, pero solicita que se busque unha vía para mellorar este texto nun prazo de tempo razoable, e que volva a ser considerado no CG para que o trato sexa máis igualitario na aplicación desta normativa.

Responde o vicexerente estamos abertos a o estudo desa posible mellora, coa limitación das esixencias que establecen as auditorías que debemos pasar. Non se pode establecer unha normativa que nos leve ao risco de descertificación de axudas, por non cumprir co RD.

A profesora Belén Rubio pregunta se está contemplado o caso das campañas oceanográficas, que teñen un tratamento especial, e lembra que na súa facultade houbo un problema este ano. Di que o 6 de decembro saíu un novo decreto, e pregunta se este caso especial podería incluírse xa como un apartado do regulamento. Considera que podería haber un apartado que considere a especificidade do módulo de penosidade nas campañas oceanográficas, xa que son axudas que estarían consideradas, e contempla os proxectos de tres anos anteriores, aínda que o 2016 non está.

Responde o vicexerente que o regulamento está pensado para a maioría dos casos estándar da Universidade, e nel se especifica que aquelas axudas finalistas ou proxectos específicos teñen o seu regulamento propio. Polo tanto, eses casos específicos non poden estar recollidos neste regulamento, xa que de incluírse a totalidade das diversas axudas coas que conta a Universidade sería tan extenso que non sería aplicable como manual polo persoal de xestión económica. Subliña tamén que o caso do que se está tratando, que afectaba só a tres profesores, continúa o vicexerente, xa foi solucionado satisfactoriamente.

Aclara o reitor que, de todos os xeitos, se fixo unha consulta dende a sectorial de I+D da CRUE e, concretamente en relación coas dietas, xa se presionou á Secretaría de Estado, e cede a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia.

A vicerreitora manifesta que xa se publicou o decreto no BOE para que se equiparen as campañas oceanográficas entre as OPIs (que xa o tiñan resolto) e as universidades (que o tiñan pendente). Polo que este tema xa está regulado dende a Secretaría de Estado, subliña. Polo tanto, ademais de coincidir co vicexerente en que non se pode poñer todo nun regulamento, considera que este tema específico xa está resolto, este ano solucionouse de maneira puntual para os que estaban afectados, xa que se fixo unha disposición interna para que puidesen recibir as retribucións que lles correspondían, pero está solucionado tamén para o futuro, grazas a publicación no BOE da nova regulación.

Finalizadas as intervencións, apróbase o regulamento por asentimento (**Anexo IV**).

## **6. Aprobación, se procede, do Procedemento e criterios de selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de promoción interna a Catedrática/o de Universidade no ano 2016.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado para a presentación deste punto.

Comeza a vicerreitora facendo unha breve descrición do procedemento que se seguiu para a elaboración na súa forma actual. O pasado día 10 outubro aprobouse no Consello de Goberno a Oferta de Emprego Público de PDI para o ano 2016. Como resultado dos procesos selectivos que se levaron a cabo antes, nesa oferta de emprego aparecen 12 prazas do corpo de catedráticas e catedráticos de universidade para a UVigo, lembra a vicerreitora. E salienta que estas prazas son de promoción interna, polo que só se poden presentar aquelas persoas que teñan a condición de profesorado Titular de Universidade e algunhas figuras do CSIC. Engade a vicerreitora que quedaba pendente a aprobación do procedemento e dos criterios de selección, como se fixo para o caso das prazas de CD e de TU.

Comenta que na Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado elaborouse un primeiro borrador de documento, con criterios de selección de áreas de coñecemento que foi debatido coa representación sindical dos traballadores PDI da universidade de Vigo. A partir das achegas elaborouse un 2º documento no que se consideraban varias opcións, que foi debatido nunha sesión da COAP. Co resultado dese debate, volveuse a estudar a proposta na mesa sindical e se elaborou un novo documento que, salvo corrección de erratas, é o que se presenta neste Consello de Goberno. Subliña a vicerreitora que contou co apoio de AGPTU, CCOO e UGT e o voto en contra de CIG e STEG e que foi informado favorablemente pola COAP da pasada semana, co único voto en contra do profesor Rodríguez Berrocal. Explica que ao non poder acudir a esta sesión, dito profesor solicitou que se fixera constar expresamente o sentido do seu voto.

Pasa a continuación a vicerreitora a resumir o contido da proposta, centrándose nos criterios, xa que o procedemento é estándar. Explica que a selección de áreas efectuaríase por dous criterios. Polo primeiro seleccionaríanse catro áreas ordenándoas en base a un indicador que inclúe o número de sexenios do solicitante, a diferenza entre o seu número de sexenios e o promedio da súa área que estea dispoñible no momento en que se aplique e unha pequena consideración en base ao número de anos que leve o sexenio vivo. Os posibles empates resolveríanse utilizando o criterio de xénero (escollendo o menos representado na área) e antigüidade na acreditación, antigüidade como profesorado permanente na UVigo e, finalmente, a idade.

O segundo criterio, polo que se seleccionarían de acordo con nesta esta proposta oito áreas, permitiría ordenar estas áreas en función dun indicador que se calcula como se indica no texto e que ten en conta o persoal permanente da área, a relación de profesorado permanente/catedráticos no conxunto da universidade, excluindo as xubilacións forzosas durante o curso 16/17 e o número de catedráticos da área. A fórmula proposta, explica a vicerreitora, permitirá ordenar as áreas en función de canto de separadas se atopen do promedio da universidade con respecto a o número de catedráticos, de xeito que canto máis afastada estea un área da media, máis probabilidades terá de obter unha praza. As posibilidades de empate se resolverían por un criterio de xénero, de persistir o empate aplicaríanse sucesivamente os criterios de menor número de CU por área e maior carga docente.

Como cuestións adicionais, indica o caso de áreas divididas en máis de un departamento aplicarase o criterio a cada departamento e será seleccionado o departamento en lugar da área. Engade que no caso de haxa solicitudes de varios campus seleccionaríase o campus que saíra de aplicar o mesmo criterio aos campus correspondentes. Destaca finalmente que non poderá seleccionarse máis dunha praza por área de coñecemento segundo cada un dos criterios, aínda que si podería aparecer a mesma nos dous.

Propón que se abra o prazo de solicitudes o vindeiro luns e remate o 13 de xaneiro o único que teñen que achegar é un formulario e a copia da acreditación.

Finalizada a presentación da vicerreitora, ábrese unha rolda de intervencións. Comeza o profesor Bienvenido Diez, quen indica que a maioría dos sindicatos queren salientar que este proceso levouse a cabo dunha maneira negociada, polo que confían en que se continúe esta senda no que se levaron a cabo

as consultas con tempo suficiente, levouse ás comisións delegadas de CG, e acadouse o maior consenso posible. Polo que os sindicatos que apoian este documento queren introducir un parágrafo ao principio que recoñeza que todas as persoas que logren a acreditación deben ter dereito directo de promoción, pero recoñecen que as condicións económicas son as que son. Tamén recoñece que é moi difícil establecer unha clasificación entre as persoas acreditadas, xa que todas deberían ter o mesmo dereito á promoción por méritos. Neste contexto, explica que o seu sindicato apoiou o documento e esperan que sexa o máis definitivo posible, pero non se pechan á posibilidade de que haxa que repetilo completamente o próximo, así quedáronse coa cláusula de revisión dos resultados de aplicación da fórmula como da forma na que se selecciona no criterio por méritos. Indica que facelo tan só por sexenios parece insuficiente, xa que hai máis aspectos que se poden valorar.

Conclúe reiterando o dereito de todos os acreditados á promoción, a dificultade de establecemento dos criterios e a imposibilidade de que satisfagan a todos, e felicita á vicerreitora pola forma de levar a cabo o proceso negociado.

A continuación toma a palabra o profesor Vallejo Pousada (**Anexo V**), que despois de presentarse indica que na convocatoria do 2012 fora seleccionado como nº 2 no criterio de méritos e número 1 polo criterio de áreas (área de Historia Económica). Na convocatoria de áreas de 2016, di que previsiblemente non sairá elixido por ningún dos dous criterios, xa que se priman as áreas medias grandes.

Prosegue explicando que pertence a Alternativa Universitaria, ao Claustro e ao Consello de Goberno e vai falar dende a súa situación persoal, pero tamén como representante dos vinte profesores que foran seleccionados no 2012 na convocatoria, que segundo explicará está pendente de executar o acordo de 21/2/2012 de CG, co que se podería materializar a oferta pública de emprego que quedou incompleta e, polo tanto, sen prazo de caducidade, en contra do que di o informe da Asesoría Xurídica da Universidade, de cuxa calidade dubida. Por iso, considera que a convocatoria de cátedras non debería terse presentado deste xeito. O profesor Vallejo destaca catro grandes problemas da convocatoria que se presenta. En primeiro lugar, un déficit de democracia e de transparencia no propio seo de alternativa Universitaria, inconcibible no proceso de debate interno. De terse producido, continúa, non se darían os outros problemas. Comenta que no mesmo campo de coñecemento, nunha mesma facultade, poida saír seleccionado na convocatoria de 2016 un acreditado de 2014 con só dous sexenios, e quedar fóra un acreditado de 2012 con catro sexenios, cando si estaba entre os seleccionados en 2012 e ten 1,2 máis sexenios que a media dos catedráticos da súa facultade. Suxire que non se convocou o pleno de AU porque non se poden explicar estes feitos e acusa á dirección de involución democrática.

En segundo lugar, o profesor Vallejo, destaca un déficit de legalidade. Di que esta convocatoria poderá ser declarada nula de pleno dereito polos tribunais, por dúas razóns: porque a resolución do 2012 está pendente de ser executada, demostrárase nos tribunais que a OPE de 2012 terá que ser executada. Esta execución, continúa, foi solicitada ao reitor, sen obter resposta. E, en segundo lugar, indica que a convocatoria de 2016 ten problemas no seu deseño, xa que, na súa opinión, non valora o mérito e capacidade, xa que se diseña un traxe a medida de determinados perfís ou mesmo de persoas concretas: non se cumpre o EBEP, se conculcan os dereitos individuais dos funcionarios á súa promoción, xa que, subliña o profesor Vallejo, promocionan as persoas e non as áreas, mentres que deste xeito promocionan as áreas e non as persoas.

Como terceiro problema, destaca que é unha convocatoria pouco exemplar, polos acordos non executados e logo polas palabras dadas en 2013, xa que, segundo expresa o profesor, daquela houbera unha comisión mixta e lles foi garantida a saída das prazas en canto fora posible ao colectivo de afectados pola convocatoria de prazas de 2012. Xa en 2015 se pedira que saíra a metade das prazas de CU cos criterios de 2012, pero houbo unha negativa. Na súa opinión, en abril de 2016 houbo un cambio e empezaron a cuestionar a legalidade da convocatoria de 2012, e pediron o informe de Asesoría Xurídica e outro externo. E, como consecuencia, fíxose unha nova convocatoria, que eles pensaban se faría cos mesmos criterios que no 2012, xa que, subliña, o reitor dicía que eles eran o colectivo prioritario, polo que non se entende o cambio de criterios, sen xustificación clara. Engade que a vicerreitora de profesorado os enganou ata o 6 de outubro e o reitor negouse a reunirse con eles, a pesar de ter comprometida a reunión dende abril de 2016, por iso di que reaccionaron tarde.

E como cuarto problema sinala a seguridade xurídica da nova convocatoria, remarcando que, de aprobarse, nace condenada a ir aos tribunais. Engade que é unha actuación do núcleo duro do equipo reitoral e que nunca pensara que tiña que pelexar a súa cátedra nos tribunais. Di que a aprobación desta convocatoria é pouco exemplar, por iso xa está a causar danos e causará inestabilidade. Subliña a gravidade para os que poidan saír seleccionados nesta convocatoria e que os tribunais lle retiren a cátedra, especialmente para aqueles que xa pasaron por esa situación anteriormente.

Diríxese aos alumnos para explicarlles o inxusto que sería que unha bolsa de estudos lla deran non só polos seus méritos senón polos estudos que realizaran ou o departamento ao que pertencen; tamén se dirixe aos compañeiros de AU, e aos membros da oposición e os sindicatos piden que voten en contra. Aos membros do equipo de goberno lles solicita que retiren a convocatoria se cren no mérito e capacidade.

Finaliza indicando que hai que facer unha reflexión cara o futuro, xa que lle parece preocupante que se estea a cambiar de criterios de promoción cada ano, polo que para ser rigorosos habería que ir cara a un estatuto de promoción estable e permanente, coma se dun pacto de estado se tratara.

Solicita que se incorpore o documento coa súa intervención ás actas da sesión.

Intervén a continuación o profesor Martín Llamas, quen reconece que é un labor complicado establecer uns criterios, tendo en conta que son doce prazas e habendo unha bolsa de acreditados como a que hai. Polo tanto, é imposible que os criterios satisfagan a todos. Sería conveniente, engade, que pensando non só nos acreditados actuais, senón nos que o sexan no futuro, que as regras de xogo foran o máis estables posible. Indica que con respecto ás de 2012 hai pequenas variacións, aínda que as bases son as mesmas, que se pode considerar como un acordo de mínimos. Quere formular algunhas cuestións para que as aclare a vicerreitora:

- Primeiro, son prazas de promoción interna, pero non a que se podería entender normalmente. Xa que o persoal da UVigo que “promociona” é o que xera as prazas, pero a estas prazas se poden presentar todos os acreditados de España.

- Segundo: en relación ao criterio primeiro principal, que é o de méritos, di que chama a atención que só se teña en conta os sexenios. Apunta que tal vez deberían terse en conta outros criterios, non para substituír ao anterior, como a antigüidade na acreditación que se ten en conta só para desempates. Tamén apunta aos complementos de excelencia curricular da Xunta, que son máis vivos. Debe aclararse por que só se empregan os sexenios. Indica tamén que aínda que os méritos son persoais, de concederse a praza vai a área, en lugar de ir á persoa. Di que a praza debería ir co perfil curricular da persoa cuxos méritos fixeron posible a saída de dita praza. Polo tanto, considera que habería que concretar se o que se quere e premiar á persoa ou a área. Tal e como está redactado, parece que é a área polo que considera que debería terse en conta o número de persoas de excelencia curricular hai nesa área.

- En relación co segundo criterio, non se entende a razón pola que se cambia con respecto á proporción clásica de 4 TU/ 1CU.

A continuación intervén o profesor Reigosa Roger, explicar as razóns do sentido do seu voto, que vai ser negativo. Indica que vai ser especialmente duro, dado o tema que se trata. Son dúas as razóns que desexa expoñer: A primeira, de carácter xurídico, e a segunda de carácter máis político, de como considera que debería organizarse a Universidade.

- En canto á primeira, non sendo xurista, non vai entrar neste tipo de razón, pero chama á sensibilidade de todos. Expressa o seu malestar cando aparecen na prensa titulares destacando que a UVigo é condenada por estafa aos alumnos de CC policiais. E lembra que eses alumnos presentaron recursos e que en todos eles, os informes levaron a dicir que non había nada irregular. Di que dende a casa vense as cousas dun determinado xeito e se escudan en informes xurídicos, a medida, feitos na casa, a petición de parte e non se quere ver a realidade. Despois os xuíces ven outras cousas, engade.

Ademais dese exemplo, pasa a referirse á proposta de cátedras de I+D convocadas por Alternativa Universitaria, cando era reitor o Domingo Docampo e vicerreitor de Investigación o reitor actual, impulsor destas cátedras que daquela, confesa, lle pareceran ben, xa que xurdiran para premiar algúns

currículos con méritos especiais. Isto, prosegue, ía na liña da busca da excelencia que defendía AU. Lembra que esta convocatoria foi recorrida dúas veces diante do CG e en ambas ocasións a resposta foi a mesma: os informes da Asesoría Xurídica din que todo está ben, pero anos despois o resultado foi que as persoas que gañaron limpamente esas cátedras foron desposuídos delas. E comenta o profesor Reigosa que os termos empregados na sentenza foron moi duros, pero ao final repercutiu sobre as persoas que perderon as cátedras e sobre a propia institución, que durante meses estivo na prensa. Considera que aquela decisión causou dano persoal e descrédito para a Universidade e subliña que non quere que iso volva a suceder.

Explica a continuación os seus argumentos para pensar que non hai seguridade xurídica: En primeiro lugar, estase deixando de lado un acordo de Consello de Goberno que non perde validez co tempo; pódense cambiar, pero teñen que ser por razóns de interese público e facerse diante dos órganos correspondentes. Continúa dicindo que nos informes xurídicos faise unha equiparación entre OPE e o acordo de Consello de Goberno, que segundo a opinión dos seus avogados non é o mesmo: o acordo segue plenamente en vigor. A continuación dá lectura a algúns parágrafos dos programas de outras universidades, como a UCM, a Universidade de Granada e a de Zaragoza, que dan prioridade ás áreas que foron seleccionadas para sacar prazas de CU, na convocatoria realizada antes da paralización das prazas, tamén sinala que o criterio de antigüidade na acreditación é o máis utilizado polas universidades españolas. Reitera, polo tanto, que había outras universidades que tiñan acordos similares, os mantiveron e os están executando con normalidade. Ante esa diferenza de comportamento expresa a súa dúbida de se serán eles os que poden perder nos tribunais en caso de recurso ou seremos nós, e apunta que ese interese pola seguridade xurídica amosada polo reitor pódese volver na nosa contra.

A segundo argumento que esgrime é unha consideración máis persoal, que ten que ver coa busca da excelencia de mérito e capacidade, que é o discurso de AU da que lembra que formou parte. Engade que, cando comprendeu que era un slogan, quedou decepcionado e abandonou a formación. Explica que o ve así, porque para premiar a excelencia non se poden aplicar criterios que non teñen nada que ver co mérito e a capacidade dos candidatos, excepto pola acreditación. Manifesta que non ten dúbida de que os candidatos que se seleccionen con estes criterios van ter calidade e terán capacidade para competir por unha praza fronte a candidatos de toda España, pero di que o procedemento non escolle aos mellores, xa que en 8 de 12 prazas se escolle en función da área. Lembra que xa o dixo cando se tratou das prazas de TU, pero neste caso considera que é peor xa que son prazas de promoción, prazas que non computan na taxa de reposición.

Manifesta que, na súa opinión, debería facerse como fan outras universidades: primeiro recoñecer explicitamente que todos os acreditados a catedrático xeran un dereito, e logo ordenalos por antigüidade ou por sexenios. Di que agás a USC e Vigo, ninguén o fai en función das áreas, o que considera bastante pouco acaído.

Di que a Asociación de Profesores Acreditados a Catedráticos presentara a solicitude de que isto fora considerado como unha promoción.

Finaliza resumindo a súa posición en contra desta proposta, porque xera incerteza nas posibles prazas que poderían desembocar nun proceso tan penoso como o sufrido, e preguntando ao reitor se, ademais dos informes que se mencionan, se coñece o terceiro informe, que foi o primeiro realizado.

A continuación o Sr. Federico Fernández dá traslado a opinión da CIG que trasladan os representantes do PDI. Dá lectura a un escrito que vai facer chegar para que se axunte a acta (**Anexo VI**). Nese escrito se explica que o voto en contra da CIG-F e da CIG-L se xustifica polo cambio de 4 como divisor, considera que ese cambio non é admisible, porque a proporción 1 CU cada tres TU é a que tradicionalmente se aplica na UVigo; porque mudalo polo divisor 7 vai ter efectos prexudiciais no futuro, porque supón unha mingua nos dereitos á promoción de TU e deixa malparadas as áreas con menor número de titulares, polo que considera que os criterios deben ser continuistas con respecto da convocatoria anterior. Tamén destaca que todo o profesorado acreditado ten dereito á promoción, polo que seguirá loitando pola eliminación da taxa de reposición.

Dado que na mesa non escoitou argumentos convincentes para o cambio de fórmula, e ante o dito por algúns sindicatos que indicaron que a fórmula se podía cambiar despois da avaliación dos resultados, a CIG destaca que os criterios deben mudarse o menos posible. Tamén indica que a CIG non dispón de datos numéricos acerca do número de profesores, e que solicitaron á reitoría que se asegurase da legalidade da decisión de suspensión do último concurso de CU, xa que dita decisión é responsabilidade da reitoría e non dos sindicatos.

Estando ausente o profesor Álvarez Villamarín, que tiña solicitado intervir, o reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen comeza comentando que a desaparición do catro do denominador non quere dicir que se renuncie o obxectivo de ter un CU por cada 4 profesores permanentes a tempo completo, pero primeiro debe chegarse ao promedio para que todas as áreas estean nunha situación similar.

A vicerreitora explica que non vai contestar a nada que teña que ver con Alternativa Universitaria dende a mesa do Consello de Goberno, xa que o considera unha falta de respecto aos membros deste órgano. E finalmente, antes de responder ás cuestións, fai unha reflexión en torno á virulencia que se ten producido neste debate, que non se deu nas prazas de persoal fixo, no que había persoas que se xogaban o posto de traballo.

Responde a continuación ao profesor Bienvenido Diez, coincidindo en que se acordou revisar os resultados, xa que a primeira vez existe unha bolsa cun número de acreditados que descoñecemos. Polo tanto, hai que avaliar tanto o procedemento como as características desa bolsa, xa que neste momento descoñécese se o profesorado acreditado está concentrado en ámbitos concretos ou se responde a un determinado perfil. Lembra a vicerreitora, que esa información non é pública, a universidade non recibe información das acreditacións, só no caso en que as persoas acreditadas a queiran achegar. Deste xeito, a fórmula sería revisable atendendo a estes aspectos.

Agradece a vicerreitora o apoio recibido por parte dos sindicatos, e comprende que a percepción dunha mellor negociación deriva de que se aceptaron máis propostas que noutros procesos. Recoñece que os sindicatos aprobaron o esquema fundamental desta convocatoria, que incluía os dous criterios, unha certa forma de cálculo, polo que destaca que, en efecto, houbo un intercambio produtivo entre ambas partes, xa que todos coincidiron en que non había unha forma única de afrontalo e se tratou de atopar un procedemento que parecera xusto.

En relación coa intervención do profesor Rafael Vallejo, indica que vai obviar os insultos recibidos, aínda que lle parecen graves, pero entende que esta situación xera unhas inxerencias extraordinarias. A continuación realiza un breve resumo dos feitos que tiveron lugar co denominado colectivo de afectados pola convocatoria de prazas de 2012, para que os presentes coñezan as dúas versións.

Pasa a continuación a aclarar algúns aspectos mencionados polo profesor Vallejo, En relación co colectivo de afectados, indica que non sempre actúa como un conxunto e tampouco queda clara a representatividade dos interlocutores que falan no seu nome e manifesta non coñecer a existencia da comisión mixta que menciona o profesor Vallejo. Lembra que se celebraran dúas reunións no 2016, con ese colectivo, unha aproximadamente no mes de xaneiro e outra cerca do mes de maio. A ningunha delas acudiu o total dos 21 membros do colectivo. Nesas xuntanzas explicóuselles que había moitas dúbidas de como proceder.

Engade a vicerreitora, que sempre se foi consciente de que este proceso podería acabar nos xulgados, xa que calquera solución que se tomara, podería conducir ás persoas afectadas a recorrer en vía xudicial, tendo coñecemento de persoas dispostas a facelo, no caso de aplicar a lista de 2012. Nesta situación, pediuse un informe ao servizo de Asesoría Xurídica. Para maior seguridade, pediuse un informe alleo, que coincidía co anterior. ambos informes foron debatidos cos membros do grupo de afectados. E finalmente foron achegados ao profesor Vallejo, que ía actuar como interlocutor. A partir dese momento, continúa a vicerreitora, cos informes recibidos, ela mesma trasladou ao profesor Vallejo que non se farían distincións entre as 21 persoas acreditadas a cátedra dese colectivo e o resto conxunto das acreditadas, que poderían superar as cen, presumiblemente en outubro de 2016. En relación cos informes xurídicos, se

as persoas afectadas os consideraban un informe de parte, ou parcial, poderían ter solicitado outro e achegalo, para coñecer outra interpretación.

Subliña que non procede tratar neste órgano das conversas privadas que puidera ter mantido, non como vicerreitora, senón como persoa co Sr. Vallejo, como tampouco vai entrar nas acusacións de déficit de democracia, nin de que o obxectivo do procedemento é que consigan a praza de catedrático determinadas persoas, xa que as atribúe as situacións persoais complicadas que orixina a convocatoria de cátedras.

En canto ao expresado polo profesor Martín Llamas, coincide con el en que as prazas se chaman de promoción interna, pero que non é así, xa que poden concorrer todos o profesorado titular de universidade acreditado de España e tamén o persoal do CSIC. Pero, como indica o BOE, deben convocarse así para que estas prazas non computen na taxa de reposición.

Coincide tamén co profesor Llamas en que poderían empregarse outros criterios ademais dos sexenios. En relación coa antigüidade na acreditación, expón que ten unha parte de mérito e outra de oportunidade. Discrepa co apuntado polo profesor Reigosa de que este é o criterio maioritario nas outras universidades, xa que, a disparidade entre os criterios empregados é notable, e todos poden ser defendidos, de feito lembra que esta non era a primeira proposta presentada, senón que se chegou a esta despois de buscar o acordo cos sindicatos e os representantes dos acreditados. En relación ao posible uso dos complementos de excelencia da Xunta, aclara que foi un tema debatido na mesa sindical, pero na súa opinión non poden ser empregados, en primeiro lugar, porque a súa introdución é inesperada e os acreditados o recibirían como algo extraordinario, e crearía unha estrañeza, xa que levamos moitos anos sabendo que se nos valora por sexenios. Por outra parte, continúa, eses complementos son descoñecidos en determinados períodos, nos que hai persoas que perden a parte variable ata que finalice a nova avaliación e, doutra banda, lembra a vicerreitora que houbo algún ano no que non se convocaron. Pódense estudar outros posibles criterios, engade, pero é difícil, xa que comparamos a persoas de diversos ámbitos.

En relación coa intervención do profesor Reigosa, manifesta que non lle sorprende o seu voto negativo, xa que tamén foi a única persoa que votou en contra da oferta de emprego público. En relación cos argumentos de inseguridade xurídica empregados, reitera o seu convencemento de que esta convocatoria acabaría nos tribunais, ou por uns afectados ou polos outros, e que se actuou de forma que se considerou máis acaído e que dera máis seguridade á Universidade. Reitera a súa discrepancia coa afirmación de que o criterio de antigüidade sexa o máis empregado entre todas as universidades, engadindo que é habitual que as universidades cambien de criterio dunha convocatoria a outra, xa que todas procuran un criterio óptimo, pero non existe, polo que acaban adoptando unha situación de compromiso.

En relación aos tres informes que menciona o profesor Reigosa, explica o reitor que dous deles foron emitidos pola Asesoría Xurídica inicialmente solicitárase un informe preliminar e con posterioridade outro para maior aclaración. Ambos son coincidentes en ditame. Finalmente, solicitouse un informe externo para maior seguridade. Incide o reitor en que cando a institución solicita informes xurídicos non o fai dende unha postura de “parte interesada”, senón para ter a máxima garantía xurídica na actuación da Universidade.

Continúa respondendo a vicerreitora de Organización académica e profesorado ao Sr. Federico Fernández. Manifesta non entender que a CIG vote en contra da proposta co argumento de que se modificou o primeiro documento presentado a solicitude doutros sindicatos, xa que en ningún momento percibiu que estivera disposta a apoialo, polo que considera que debeu existir un fallo de comunicación, e así o comentará directamente cos representantes deste sindicato. En relación co valor que debería ter o valor “R” que aparece na expresión utilizada, explica que nos cálculos realizados do promedio de profesores/catedráticos, na realidade está máis próximo a oito.

En relación coa afirmación de que o sindicato descoñece o número de profesores, manifesta a súa sorpresa, xa que todos os datos de profesorado están no portal de transparencia da Universidade, sendo estes datos os empregados para o cálculo do valor de R, por iso indica que pode non ser un resultado totalmente preciso, xa que emprega datos de decembro de 2015, e non ten en conta os posibles xubilados etc. Pero insiste en que non percibiu que a CIG puidera apoiar o documento, subliña que mesmo intentou que este sindicato achegara ás súas posturas ás dos outros, valorando a posibilidade de empregar os



complementos da Xunta como criterio de desempate, pero non foi posible o acordo, o que lamenta, xa que quereda contar cun apoio maioritario.

Cede o reitor a palabra ao profesor Álvarez Villamarín e inicia posteriormente unha nova rolda de intervencións.

O profesor Álvarez Villamarín expresa a súa preocupación, porque o número de acreditados que temos é crecente, aínda que descoñecido xa é moi numeroso, e un número de prazas moi reducido. Nasas condicións, pódense formular e defender distintos criterios e mesmo. Se recoñece membro de Alternativa Universitaria, pero non considera que os debates internos que se poidan manter no seo deste colectivo deban facerse públicos ou empregarse no Consello de Goberno para argumentar unha posición, xa que outros membros dese colectivo poden sentirse vulnerados.

Xustifica a súa pertenza a AU, porque este colectivo sempre defendeu os principios de mérito e capacidade para todo, pero tendo en conta que somos diferentes ámbitos con marcadas diferenzas en todos os aspectos, e que empregar as mesmas regras para medir a todos por igual podía causar problemas claros. Este tema foi debatido longamente no seo do colectivo, e intentouse recoller a diversidade e grazas a ese intento a Universidade de Vigo é como é na actualidade. E se aplica a outros aspectos, como o cálculo da produción científica, pon como exemplo. Por iso, estráñalle que o profesor Vallejo queira empregar agora de xeito igualitario o criterio de mérito e capacidade. Considera que se AU abandonara a liña de defender a especificidade das áreas e ámbitos, perdería o seu sentido.

A partir dun caso concreto de sentenzas xudiciais contraditorias, cuestiona a posibilidade de ter garantías xurídicas totais, e unha administración non pode paralizar a súa actividade por unha dúbida xurídica. E explica que el xúrdelle esa dúbida porque, de manter os criterios anteriores, as persoas acreditadas non incluídas nese grupo dos 21, pode reclamar e iso xa ten acontecido. Insiste en que os xuíces non gobernan e, en ocasións se equivocan, aínda que teñamos que acatar as sentenzas, proba diso e que as hai contraditorias. Conclúe que non sendo xurista e tendo unha dúbida, como membro da COAP ten que apoiarse nos informes xurídicos emitidos para tomar a súa decisión. Se despois un xuíz dita sentenza en contra, a súa decisión polo menos está avalada por ditos informes

Para rematar a súa intervención, manifesta que non lle gusta que os criterios muden, pero opina que neste caso os criterios cambian para mellor. Por iso, transmite os seus parabéns á vicerreitora de Profesorado, porque traballou moi ben nunha situación tan complexa como a actual, e amosou unha gran capacidade de aguante. O proceso foi negociado e debatido, e os cambios melloran o documento inicial. O cambio fundamental, que é pasar de 4 a R, o convenceu porque abre a posibilidade de que áreas pequenas estean un pouco priorizadas, dado que estamos moi lonxe do obxectivo de 4:1 e máis do ideal, que sería unha cátedra por acreditado. Considera que esta normativa equilibra a relación por todos os ámbitos, por iso é preciso distinguir as dúas vías mérito e áreas.

Intervén o representante do alumnado, Ernesto Vázquez-Rey, que non pensaba participar no debate, pero como se ten interpelado aos estudantes en diversas ocasións, quere trasladar a opinión dos representantes do colectivo. Manifesta que os estudantes que participaron na COAP non queren apoiar un ilícito, pero que respaldaron estes criterios parecéronlles os máis acaídos, tendo en conta que calquera convocatoria cuns determinados criterios sempre vai favorecer a uns fronte a outros. Destaca que sempre se acode no debate a dous termos: antigüidade na acreditación e excelencia académica en atención ao mérito e a capacidade. Considera que a data de acreditación non pode ser considerado así, xa que é posible que profesores titulares recén acreditados poidan ter máis méritos e capacidade que pre-cátedros máis veteranos. Tamén valora positivamente o ter en conta a diversidade, polo que na COAP defenderon un criterio por áreas proporcional ao profesorado destas e a súa carga docente, xa que é unha maneira de promocionar o persoal permanente en todas as áreas de coñecemento. O obxectivo está moi lonxe, pero se non se promociona este tipo de criterios, nunca se chegará a ese valor.

Engade que non só defenden estes criterios, senón que no seo da COAP mesmo se falou de introducir incluso unha % de prazas para profesorado con discapacidade, sendo punteiros nesta liña, abandonándose pola dificultade que entraña este tipo de convocatoria, pero si que se consideraron estes outros criterios.

Intervén o profesor Pou Saracho para manifestar que, descoñecendo os informes xurídicos que se comentan, xúrdelle unha inseguridade xurídica. Solicita que se acheguen os informes xurídicos aos membros do Consello de Goberno e propón que se convoque unha nova sesión extraordinaria do consello a semana próxima, para abordar este punto.

O reitor aclara que se presenta neste punto un procedemento e criterios para a saída de prazas de cátedras, os informes saíron a colación pola petición de que se aplicaran os da convocatoria de 2012. Ditos informes, solicitados pola institución, ditaminan que non se poden executar os acordos de 2012, sendo necesario realizar unha nova convocatoria. Engade que non consta a existencia de ningún contrainforme, polo que esta a proposta desta convocatoria conta con respaldo xurídico. O procedemento e os criterios presentados foron correctamente negociados e acordados. Polo tanto, continúa o reitor, compete a este Consello de Goberno, debater sobre a súa aprobación ou non. O feito de que as persoas que non estean de acordo co resultado da decisión do órgano Colexiado decidan recorrer en vía xudicial, que é o seu dereito, non xustifica o aprazamento deste punto, conclúe o reitor. Reitera que a cuestión é se estamos de acordo cos criterios negociados na mesa sindical e aprobados na COAP, e esa é a votación que se formula.

A vicerreitora de Organización académica e profesorado engade que parte dos profesores dese colectivo, aceptaron a definición de novos criterios e mesmo enviaron distintas propostas de criterios durante semanas, ata que comprenderon que ningún había ningún axeitado.

Insiste o reitor en que non se debate a aplicación do acordo de 2012, senón se estamos de acordo cos criterios resultantes dun proceso de negociación, que intenta ordenar a situación diferencial entre áreas. Subliña o desexable sería que non existira a taxa de reposición, para poder promocionar con rapidez a todo os acreditados tendo en conta a robustez económica da institución. Seguirase a pelexar por iso. Pero o que se trata é establecer a orde de entrada por ese funil imposto por imperativo legal, cos criterios máis xustos posible, nunha negociación que contemple distintos aspectos como mérito e capacidade, equilibrio entre áreas, necesidades institucionais, etc. Comprende a frustración que senten as persoas que deben agardar, e se solidariza con elas, pero estase subindo en exceso o nivel de crispación.

Na rolda de réplica intervén o profesor Rafael Vallejo, quen manifesta que a vicerreitora fixo o posible para que non existira o colectivo de afectados, pero ese colectivo adquiriu carta de natureza cando se presentou unha petición en novembro de 2012 ao reitor, que aceptou como provinte do colectivo. Non estaban os 21, porque é difícil reunirse todos. Pero ese colectivo segue existindo, e facendo peticións colectivas. El actuou como representante de trece persoas, que presentaron unha solicitude por escrito de aplicación dos acordos de 2012 e non se lles contestou, igualmente, solicitouse unha entrevista. E a secretaria xeral recibíunos ao profesor Reigosa e a min, como membros dun colectivo, engade. E reitera que no 2013, a vicerreitora e o reitor, aceptaron que el actuara en representación de dito colectivo, polo que lle deron carta de natureza, aínda que non se desexe chamala comisión mixta.

En relación co que dixo o profesor Álvarez Villamarín, subliña que o principio de mérito e capacidade é un principio fundamental, recollido na constitución e no EBEP. E ten que expresarse en todas as provisións de prazas como reflicte o EBEP.

Continúa expresando que o indicado polo profesor Pou Saracho é pertinente. Indica que falou con membros da COAP que lle comunicaron que non coñecían os informes, polo que se tomaron decisións nestes órganos de goberno sen coñecer a situación xurídica e mesmo sen coñecer a situación de partida, porque isto deriva duns acordos tomados en 2012, que xeraron uns dereitos a un colectivo e, se non se ten en conta, estanse expropiando eses dereitos. E continúa dicindo que o feito de que existira o primeiro informe xurídico de 2015 e non se lles comunicara, da idea do establecendo dunha estratexia. Finaliza secundando a petición do profesor Pou, e solicita que se acheguen os informes aos membros do CG e se realice unha sesión extraordinaria para tratar este tema.

Intervén o profesor Reigosa para explicar algúns comentarios anteriores. Indica que non analizou os datos de todas as universidades, só os de vinte universidades aleatoriamente seleccionadas, e nelas o criterio de antigüidade na acreditación é moi maioritario e coincidente coa petición feita polo colectivo a nivel nacional de profesores acreditados de universidade, do cal manifesta non formar parte. Pero engade que ese criterio non lle entusiasma, por iso está de acordo coa idea exposta nesta sesión de que se pode

debater e defender uns ou outros criterios. Comenta tamén que nestes debates aparecen moitas ideas preconcebidas, xa que se pensa que no ámbito científico hai moitos catedráticos, pero o seu departamento está formado por tres áreas e ningún catedrático.

Explica tamén que a expresión “de parte” se refire a que nun proceso xudicial a universidade é unha parte e, polo tanto o que aporte a universidade, son informes de parte e o que aporte o outro, tamén será de parte, non ten outras implicacións.

Para rematar, solicita que se faga constar na acta o dito polo reitor, que non estamos debatendo do acordo 2012-2013, senón tratando un acordo novo.

O profesor Martin Llamas, reitera o antedito polo profesor Reigosa e polo reitor: que unha cousa é o acordo tomado no 2012 e outra é o punto da orde do día de hoxe, que está relacionado cos criterios presentados nesta convocatoria. E centrándose neses criterios, comenta o dito pola vicerreitora en relación coa proposta de utilizar os complementos de excelencia da Xunta: primeiro que non eran coñecidos o que sería unha novidade en contra da estabilidade que se quere dar aos criterios e en segundo lugar que non se convocan todos os anos. En relación con isto último, propón que se introduza un coeficiente “k” similar ao dos sexenios. Con respecto á estabilidade, algo necesario par o profesorado, suxire que podería iniciarse un proceso de debate para que o ano próximo non haxa sorpresas e se poidan considerar outros criterios ademais dos sexenios, que pode ser considerado algo anticuado. Finaliza recoñecendo que calquera criterio que se estableza, beneficiará a algúns e prexudicará a outros, polo que non será doado o acordo.

O reitor solicita votación. O profesor Pou Saracho explica que a súa inseguridade xurídica o leva a votar en branco. O profesor Pérez Cota manifesta o seu voto no mesmo sentido.

O resultado da votación é 19 votos a favor, 2 votos en contra nominativos (profesores Reigosa Roger e Vallejo Pousada), 4 abstencións (representantes do estudantado: Óscar Moldes, Paula Rivera, Diego Rodríguez, Ernesto Vázquez-Rey) e dous votos en branco nominativos (profesores Pou Saracho e Pérez Cota).

Como resultado da votación apróbase o procedemento e criterios de selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de promoción interna a Catedrática/o de Universidade no ano 2016 (**Anexo VII**).

O reitor explica que debe abandonar a sesión por motivos de axenda, actuando a partir dese momento o vicerreitor de Economía e Planificación como presidente.

## **7. Aprobación, se procede, da Normativa de Permanencia e Progreso do estudantado das titulacións oficiais de grao e máster universitario da UVigo.**

O presidente cede a palabra á vicerreitora de Estudantes para facer a presentación deste punto.

A LOU no seu artigo 46.3 establece que as universidades deben ter unha normativa que regule o progreso e a permanencia dos estudantes, co fin de compatibilizar o dereito ao estudo da cidadanía co adecuado aproveitamento dos fondos públicos destinados á formación universitaria.

Explica que dando cumprimento a LOU, o 2 de abril de 2013 o Consello Social da Uvigo, á proposta do Consello de goberno, aprobou a primeira normativa de permanencia adaptada ás novas titulacións de grao e máster no marco do espazo europeo de educación superior, normativa que entra en vigor no curso académico 2013-2014. Lembra que esta normativa resultou problemática dende o primeiro ano da súa aplicación (2013-2014) en moitos casos non porque a normativa fose desacertada senón que os deseños dalgúns plans de estudos ou normativas sobrevidas (como o decreto Wert de bolsas) entraban en conflito con ela e causaban dificultades no progreso ao alumnado. Engade a vicerreitora que esta normativa foi elaborada antes de ter

experiencia cos novos plans de estudos, experiencia da que se dispón na actualidade, e que aconsella introducir unha serie de modificacións.

Lembra tamén que a elaboración dunha nova normativa negociada cos estudantes foi un compromiso que o reitor adquiriu con eles para este segundo mandato; e foi un dos primeiros asuntos abordados dende a Vicerreitoría, coa publicación dunha instrución no ano 2014, que se renovou (con algunhas melloras) nos anos 2015 e 2016 para dar solución ás diferentes problemáticas expostas polo alumnado. A proposta que se somete á aprobación do Consello de Goberno é o resultado do traballo conxunto co estudantado dende o ano 2014.

A continuación a vicerreitora pasa a explicar as novidades máis salientables do documento; especialmente as que supoñen un cambio de concepto e as que veñen a solucionar os problemas que mais preocupaban ao alumnado

1. Como primeira diferenza sinala a maneira de computar a permanencia: Explica que na actualidade se mide a permanencia mediante unha bolsa de horas, que é o dobre dos créditos dos que consta a titulación. A pesar de que este modelo ten indubidables vantaxes, resulta pouco claro para o estudantado e, ata onde nos consta, esta é a única universidade que o computa así. Moitas outras universidades do Estado miden a permanencia en unidades temporais, cuatrimestres ou anos (normalmente o dobre dos que consta a titulación) aínda que algunhas, máis esixentes, permiten só permanencias de 6 anos en titulacións de 4. As restantes universidades, prosegue a vicerreitora, a miden en convocatorias, que é o xeito que se propón nesta nova normativa. Aclara que os representantes dos estudantes pediron de xeito unánime que se fixera así, polo que a negociación centrouse a partir de aí, no número de convocatorias (4 para os graos – é dicir, 8 oportunidades de avaliación – e 2 para os másters – isto é, 4 oportunidades de avaliación-).
2. A segunda diferenza, ten que ver co número de créditos matriculables, que é probablemente a cuestión que máis problemas causa na normativa actual, explica a vicerreitora, xa que permite ao estudante que suspende matricularse de ata 78 créditos, pero ao que supera todas as materias non lle permite facelo en mais de 60 en ningunha circunstancia. Na proposta presentada, óptase por regular o progreso do estudantado en función do rendemento demostrado, establecendo catro niveis de rendemento que permiten progresións a distintos ritmos. Deste xeito, o número máximo de créditos matriculables 60, 66, 72 o 78, vai depender do número de créditos superados no curso anterior.
3. Destaca a vicerreitora como terceira novidade, a modificación nas condicións para poder matricularse a tempo parcial, que vai permitir que os centros poidan ter en consideración circunstancias non previstas que poidan impedir a dedicación a tempo completo dun estudante. Lembra que a normativa actual só permite a matrícula en réxime a tempo parcial nunhas condicións determinadas moi específicas: atención a un dependente, contrato laboral, deportista de elite. Estas limitacións fan que, en ocasións, sexan os propios centros os que formulen as solicitudes deste tipo.
4. Unha diferenza importante que resalta a vicerreitora en relación coa normativa anterior, é que o número máximo de créditos que se poden matricular en simultaneidade de estudos queda fóra da normativa que se propón. Este aspecto pasará a regularse por unha normativa propia que contempla todo o relativo ao procedemento para a simultaneidade de estudos (solicitud, matrícula...) e que foi redactada de forma paralela. Esta normativa será presentada no CG para a súa consideración, no caso de que a proposta de normativa de permanencia sexa aprobada.
5. O último cambio substancial que refire a vicerreitora é a creación dunha comisión de Permanencia e Progreso da Universidade, que será a encargada, entre outras funcións, de observar o axuste dos resultados do progreso e dos obxectivos fixados polas memorias de

verificación dos títulos. Explica que non se trata de replicar o traballo das comisións de calidade pero, sendo un dos obxectivos dunha normativa de progreso definir un ordenamento eficiente dos estudos, é necesario verificar se, por exemplo, o número de convocatorias que decidimos é suficiente e razoable, ou polo contrario moi estrito porque aumenta a taxa de abandono. En calquera caso, o importante é que se faculta a esta comisión para adoptar as disposicións e as accións que sexan necesarias ante situacións excepcionais e, polo tanto, non previstas na normativa.

Aclara a vicerreitora que algunhas cuestións formuladas por distintos interlocutores non se incluíron nesta normativa porque non regulan estritamente o progreso e a permanencia, pero serán contempladas noutras normativas pendentes de desenvolver, especificamente na normativa de avaliación.

Finaliza a súa intervención agradecendo a colaboración de todos os que participaron na elaboración desta proposta, que foi consensuada entre todos. Nese proceso de elaboración e debate, explica, a proposta foi enviada aos decanatos e direccións de centros, ao servizo de alumnado e á sección de posgrado, que fixeron propostas propias e tamén distribuíron o borrador entre o PAS implicados. Engade que do mesmo xeito foi remitida aos membros do Consello de Goberno que representan sensibilidades diferentes á do equipo de goberno, que tamén achegaron propostas de mellora. Pero, de xeito moi especial, agradece a colaboración dos representantes de estudantes que traballaron maneira proactiva ao longo dos dous anos. Destaca que foi unha participación moi activa, colaborando na propia redacción do articulado e poñendo de manifesto un gran sentido da responsabilidade.

Abre o reitor unha rolda de intervencións, na que toma a palabra en primeiro lugar o profesor Pou Saracho para felicitar á vicerreitora polo traballo desenvolvido na elaboración desta normativa de permanencia. Destaca que, a diferenza do producido no caso da normativa previa, amosouse un marcado carácter negociador, escoitáronse a todas as partes e acadáronse posicións de consenso. Incide na importancia dese talante negociador en todos os ámbitos da Universidade.

Intervén doan Paula Rivera para facer constar que os parabéns recibidos corresponden aos anteriores representantes do estudantado, que foron os que realizaron a meirande parte do traballo de participación na redacción desta normativa. Confía en que os trámites de aprobación aquí e no Consello Social se desenvolvan o antes posible, para que se poida poñer en funcionamento. Tamén expresa o seu desexo de que a normativa de simultaneidade poida aprobarse tamén con rapidez.

Responde a vicerreitora de Estudantes agradecendo as verbas do profesor Pou e aclara que o proceso de aprobación da normativa é moi longo porque é perceptivo o informe do *Consejo de Universidades* (estatal) e do Consello Galego de Universidades, polo que depende do que tarden estes organismos en enviarnos ditos informes, unha vez recibidos a valoración definitiva polo Consello social é máis rápida.

Apróbase por asentimento (**Anexo VIII**).

## **8. Aprobación, se procede, da Convocatoria da Universidade de Vigo para o anticipo de financiamento estrutural a grupos de investigación e persoal investigador de traxectoria destacada.**

O presidente cede a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia para a presentación do punto.

Introduce a vicerreitora a convocatoria expoñendo que o desenvolvemento da actividade de I+D+i require a dispoñibilidade de recursos económicos estables, que permitan manter unha

estrutura material e humana mínima, ademais da adicional que corresponda para a realización de proxectos específicos. Na Universidade de Vigo existen numerosos grupos de investigación caracterizados por un historial destacado de actividade, tanto no que respecta á captación de recursos externos de orixe pública e privada como á produción científica e a actividade de transferencia de coñecemento. En moitas ocasións, aínda mantendo un nivel de ingresos medios estables, estes grupos atópanse suxeitos a altibaixos na dispoñibilidade de financiamento, derivados de atrasos na resolución de convocatorias competitivas externas ou ás diversas circunstancias asociadas á negociación e formalización de actividades contratadas de I+D.

Considerando que esta situación dificulta notablemente o desenvolvemento da súa actividade, o que repercute negativamente na súa eficiencia, e, polo tanto, pode afectar ao nivel de excelencia ao que a institución podería aspirar, a vicerreitora presenta a presente convocatoria como un instrumento que facilite a dispoñibilidade de recursos económicos continuados e estables para o desenvolvemento da actividade dos grupos de investigación da Universidade de Vigo, contribuíndo así a aliviar, dentro do posible, a problemática exposta. Aclara a vicerreitora que se trata dun financiamento na modalidade de anticipo, que será reintegrado polos grupos de investigación con cargo aos fondos externos captados ou outras fontes de financiamento ás que teña acceso.

Prosegue explicando que a convocatoria propón 2 modalidades: a primeira, cunha única anualidade e dous posibles niveis de contía económica, está especificamente destinada aos grupos que poidan ser potenciais adxudicatarios das axudas da convocatoria de Consolidación da Xunta de Galicia do ano 2017, tanto na modalidade de Grupo de Referencia Competitiva como de Grupo de Potencial Crecemento. A segunda, con 3 anualidades e 3 posibles niveis de contía económica, oríntase cara a grupos ou persoal investigador cun historial destacado na realización de actividades contratadas de I+D. Para ambas as modalidades, o texto da convocatoria especifica os requisitos de acceso, o procedemento para a presentación de solicitudes, os criterios de selección, o procedemento de reintegro dos anticipos, os gastos elixibles e as cuestións relativas a seguimento e medidas en caso de incumprimento dos compromisos adquiridos.

Destaca a vicerreitora a colaboración recibida por parte da Xerencia da Universidade para a elaboración da convocatoria, e de xeito moi especial polo persoal investigador. Explica que, partindo dun borrador inicial, se realizaron varias sesións informativas e de discusión con persoal investigador de todos os ámbitos e campus, recibindo unha excelente resposta, que agradece expresamente. Engade que nesas xuntanzas achegáronse moitas ideas, que foron incorporadas no posible, no documento final que hoxe se somete a aprobación por este Consello de Goberno. Finaliza a vicerreitora indicando que a convocatoria foi aprobada por unanimidade en Comisión de Investigación do 13 de decembro de 2016.

Ábrese unha rolda de debate, na que intervéñ o profesor Reigosa Roger, quen amosa o seu acordo coa medida proposta, que considera acaída e moi satisfactoria, xa que dotará aos grupos de investigación da Universidade dunha ferramenta máis para facer o seu traballo de xeito máis efectivo, e axudará a racionalizar o gasto. Pero desexa subliñar que parece que estamos continuamente arranxando na casa problemas que veñen de fóra. Comenta, e critica abertamente, a eliminación do INCITE, que era un programa que funcionaba moi ben, e a súa substitución polo programa actual, moi indefinido, con convocatorias illadas, que se resolven cando queren e porque queren, de xeito que queden remanentes nas universidades etc. Resume a súa intervención reiterando a súa aprobación entusiasta desta medida, pero insiste tamén o seu descontento polo tratamento que recibe a Universidade nas convocatorias da Xunta.

Intervén a continuación o profesor Pou Saracho que expresa a súa felicitación á vicerreitora, porque de novo houbo un claro proceso de negociación e de atención a todas as partes, que é o

que a comunidade universitaria está pedindo a todas as entidades, como parece que está empezando a acontecer co ministro novo, que parece amosar un talante máis negociador. Engade que nos felicitamos por poder dispor de instrumentos potentes que non existen a nivel estatal, e que van permitir traballar mellor. Formula a pregunta de se esta convocatoria se vai engarzar co programa soporte, é dicir, se no caso de concesión, as axudas van a este programa.

Responde a vicerreitora que as axudas son distintas, van en paralelo, non son incompatibles entre si, xa que, en realidade son ferramentas complementarias. Agradece os comentarios favorables recibidos e, en relación co exposto polo profesor Reigosa sobre o tratamento adverso recibido por parte de algúns organismos financiadores, quere deixar constancia que todos os membros do equipo de goberno están pelexando para que esta situación cambie. Esta belixerancia, continúa, ten levado a pequenas modificacións que se van apreciando, pero o cambio é moi lento. Anima aos investigadores a que colaboren nesta liña, nesta presión para o cambio, para que as administracións perciban que esta inqedanza é de todos os membros da Universidade de Vigo, non só do goberno da mesma.

Finalizada a rolda de intervencións, apróbase por unanimidade (**Anexo IX**).

#### **9. Aprobación, se procede, da Sección Departamental do Dpto. de Informática.**

Lembra o presidente a decisión retirar da orde do día o punto, polo que se dá paso ao seguinte punto.

**10. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Federal de São Carlos* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Federal de São Carlos* para o intercambio de estudantes – Protocolo de intención entre a *Universidade Federal Rural de Pernambuco* e a Universidade de Vigo – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e *Memorial University of Newfoundland* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Nacional Tecnolóxica de Lima Sur* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e *Universidad Autónoma de Coahuila* (México).**

Apróbanse por asentimento.

#### **11. Elección de representantes na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes: 2 PDI; 1 Estudiante.**

Dá conta o presidente de que só se presentou unha candidatura no sector de estudantes: D. Óscar Moldes Pita, polo que non é preciso celebrar eleccións e queda nomeado representante.

#### **12. Elección de representantes na Comisión de Investigación: 1 Estudiante.**

Explica o presidente que non se presentaron candidaturas, polo que queda pendente a elección para outro Consello de Goberno.

#### **13. Rogos e preguntas.**

Ábrese unha quenda de intervencións.

O reitor cédelle a palabra ao profesor Álvarez Villamarín, quen quere tratar un punto do que xa se falou no Claustro e que, aínda que non é propiamente do C.G. quere retomalo, que é o posicionamento en relación co tema do plaxio do reitor da Universidade Rei Juan Carlos. Manifesta unha intensa

preocupación porque este asunto en relación coas universidades españolas que non están saíndo a rexeitalo e isto está xerando dúbidas e o descrédito da opinión pública. Engade que non é posible tomar un acordo ao respecto en rogos e preguntas, pero tal vez debería tomarse noutro Consello de Goberno, aínda que, confía en que para entón xa teña dimitido. Está cesado da Comisión permanente da CRUE, pero segue a manter o cargo de reitor, existindo noticias que amosan apuntan á posibilidade de plaxio no texto presentado no proceso de acreditación, habilitación neste caso.

O profesor Pérez Cota dá traslado dunha cuestión que lle envían dende o departamento, en relación co punto relativo á sección departamental. Pregunta se se sabe como van quedar estruturados os departamentos, as seccións departamentais e as persoas que colaboran cos departamentos (administrativos etc.).

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación que non se vai reestruturar a estrutura departamental da Universidade e, en relación co apoio administrativo aos departamentos, lembra que está en proceso de execución a RPT do persoal funcionario, que está previsto que vaia avanzando no primeiro semestre deste ano. En relación á sección departamental, cede a palabra á secretaria xeral.

A secretaria xeral reitera que, a pesar das distintas sensibilidades que hai no tema da estrutura departamental, é vontade do equipo de goberno manter a configuración de departamentos que existe na actualidade. En relación á estruturación interna, é un tema que terá que vir definido polos novos Estatutos, cuxo borrador xa saíu do grupo de traballo e están a ser debatido no plenario da Comisión de Estatutos. O debate está a ser intenso pero, como xa indicara o reitor, en marzo confiamos en que estean abertos as alegacións da comunidade universitaria. E a partir de aí derivarán os regulamentos.

Continúa indicando que na actualidade, as seccións departamentais están mencionadas nos Estatutos e desenvolvidas no regulamento de creación de departamentos. Ese regulamento, será un dos primeiros regulamentos que terán que derivarse dos novos Estatutos.

O profesor Pérez Cota aclara que a sección departamental está contemplada no regulamento de réxime interno do seu departamento, que foi aprobado recentemente.

A secretaria xeral aclara aos membros do Consello que, en efecto, o Departamento de Enxeñaría Informática reúne os requirimentos que o artigo 5 do vixente regulamento de creación de departamentos impón para xustificar a excepcionalidade da creación dunha sección departamental. E tratándose dun departamento moi repartido entre os campus de Ourense e Vigo, solicitaban a súa creación para facilitar a funcionalidade do mesmo. Xa que se acordou adiar este punto ata que se teña máis clara a estrutura interna dos departamentos, buscarase unha solución para facilitar ese funcionamento neste tempo.

Intervén o profesor Martín Llamas que formula o rogo de que se constitúa un grupo de traballo para establecer os novos criterios de promoción a cátedra e tamén para os de TU, para que os colectivos que vaian a estar implicados sexan coñecedores antes da súa aplicación.

Responde a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado que se recolle o rogo, pero haberá que determinar quen forma parte dese grupo de traballo, dado que estes criterios xa teñen que ser negociados na mesa sindical, na COAP e no Consello de Goberno.

O presidente cede a palabra á profesora Belén Rubio, quen pregunta pola adquisición do programa antiplaxio Turnitín, para coñecer cando estará dispoñible. E enlazando coas palabras do profesor Álvarez Villamarín, considera que a Universidade debería facer unha declaración ou manifesto posicionándose en contra do plaxio no caso do reitor da URJC. Realiza tamén un rogo de que se estude a posibilidade de que, ao igual que se fixo un aplicativo para a petición de material de oficina, se podería facer algo similar para material docente (ordenadores, pizarras, proxectores etc. ) que facilitara o traballo do persoal de servizos informáticos dos centros.

O vicerreitor de Economía e Planificación recolle este último rogo e promete estudalo en fondura. Con respecto do software antiplaxio non se compromete a dar unha data, pero informa de que xa está tramitado, e a curto prazo estará dispoñible.

En relación co manifesto, trasladaráselle ao reitor o posicionamento claro do Consello de Goberno para que valore facelo público.



Intervén o profesor Bienvenido Diez, quen solicita que se convoque o antes posible á mesa sindical para que se vaia avanzando na negociación dos criterios de selección de áreas para a vindeira convocatoria de cátedras. Lembra que este é o órgano colexiado que representa os intereses dos traballadores, e de aumentarse o número de veces que se convoca, a representatividade sería mellor.

A vicerreitora de Organización académica e Profesorado responde que, en efecto, haberá que convocar pronto, xa que, como tiña comentado noutras ocasións, lle gustaría que se puidera convocar a principio de ano. Pero reconece que o proceso é moi longo, lembra que o debate sobre o número de prazas comezou en maio, e estase a finalizar en decembro. Este próximo ano comeza co agravante de que non temos orzamentos do Estado, o que implica que se descoñece a taxa de reposición que se vai impoñer e, polo tanto, non sabemos o número de prazas nin cando poderemos ter ese número, e insiste en que ese aspecto foi o primeiro que se negociou.

O profesor Diez apunta a posibilidade de reunir a unha comisión de traballo derivado da Mesa de Negociación, xa que este é o órgano de deliberación e de aprobación, pero non impide que existan comisións máis operativas, onde se poida ir avanzando.

Responde a vicerreitora que esa idea, que enlaza co rogo do profesor Llamas, resulta máis asumible, xa que é un foro existente. Non vía factible escoller os membros dun grupo de traballo sen un criterio definido.

Intervén Paula Rivera para insistir no rogo realizado nun anterior Consello de Goberno, en canto á creación dunha lista de correo que non se tivo en conta. Insiste niso porque é necesario que aos estudantes lles chegue a información das bolsas que oferta a Universidade. E revisado o listado onde se recollen as listas de correo-e, non aparece ningunha de “bolsas”.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación que xa hai unha lista de “avisos” que recolle toda esta información, así como a app UVIGO!, na que se traslada toda a información relevante para o estudantado. Lembra que o que eles solicitaran era unha lista de estudantes, e quedarán en que remitirían uns datos ou condicións para elaborala, e el se comprometera a levala e poñela en marcha. Pero non se recibiu a información.

Intervén a secretaria xeral, quen explica que por unha parte hai unha lista “Avisos” na que estamos todos e onde se recibe información de todo tipo, non só de bolsas. E moitos alumnos a inhabilitan porque, como outros o fan coa lista de “Comunidade”, non queren recibir tantos correos. Contra diso non se pode facer nada. En canto a elaborar unha nova lista para enviar correos especificamente ao alumnado, os servizos informáticos nos comentaron que poden facelo, pero a súa xestión é complexa, xa que, por exemplo, poderían dar de alta aos alumnos en canto se matriculen, pero non teñen información para dalos de baixa, ben porque abandonan os estudos ou porque aproban. O que se pide e que os representantes aclaren como se comprometen a realizar esa xestión. Por outra banda, engade, está o compromiso de convencer ao alumnado de que empreguen a conta @uvigo que é a vía oficial de comunicación.

Conclúe o vicerreitor que despois concretamos a actuación e daremos solución a este tema.

Intervén o representante do estudantado, Diego Rodríguez, quen comeza pedindo perdón aos seus compañeiros, porque na Comisión de Planificación cometeu un erro: non detectou un punto que acaba de detectar agora. Pide unha aclaración de por que nos orzamentos da UVigo hai unha redución de 6124 €no relativo ás delegacións de alumnos, respecto co anterior. Nalgunha delegación, como a de EEI, é maior a redución que noutras e, ademais, subliña, é necesario ter en conta que incorpórase a nova delegación de Aeroespacial. Cita os centros nos que se produce dita redución.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación, quen di que a dotación económica das delegacións se realiza nos centros, estando presentes os decanos e directores dalgúns deles tal vez o poidan aclarar.

Toma a palabra o profesor Pou Saracho, quen explica que no caso da EEI a proposta vén negociada entre os administradores, os xefes de asuntos económicos e a propia dirección, e que aconsellou que se reducira a partida de delegación, que non era transferible, xa que a dotación de infraestruturas para dita delegación se asume con cargo aos orzamentos xerais da Escola. Subliña tamén que a delegación de alumnos non manifestou o seu malestar, de feito, o orzamento do centro foi aprobado por unanimidade na Comisión

Permanente e na Xunta de Escola. Engade o director da EEI que, en xeral, cando hai algún extra ou algunha dificultade, a delegación gasta máis do orzamentado sen problema.

O presidente cede de novo a palabra ao Sr. Diego Rodríguez, quen manifesta que na EEI pode non haber problema, porque o equipamento técnico corre a cargo do centro, pero no caso da Facultade de Bioloxía ou de Química, comunícanlle que o estudantado no foi avisado de dita redución.

O vicerreitor de Economía e Planificación subliña que, de igual xeito que hoxe se aproba o orzamento da Universidade, nas xuntas de centro apróbanse os dos centros e alí hai representación do estudantado. Cede a palabra á profesora Belén Rubio, decana de Ciencias do Mar, quen informa que os decanos das tres facultades tiveron unha xuntanza coa administradora dos centros e realizaron o reparto orzamentario. Explica que dito reparto aínda non foi aprobado pola Xunta de Facultade do seu centro, que será a semana próxima. Pero o motivo do descenso desa partida é similar ao exposto polo director da EEI, que hai determinados equipamentos que se adquiren con cargo ao orzamento do centro, hai sempre gastos a maiores para cubrir actividades, e valorouse que, habendo recortes por todas partes, este debía repartirse. Supón que nas outras facultades tamén se aprobará nestes días o orzamento, e alí terán os representantes do estudantado posibilidade de expoñer o seu punto de vista.

Ao non haber máis intervencións, o presidente levanta a sesión tras felicitar as festas aos presentes.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:30 h do día 16 de decembro de 2016, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.



Salustiano Mato de la Iglesia



Gloria M. Pena Uris